

# MEMORIA DO PROXECTO: A ARTE DA NATUREZA

## CPI Virxe da Saleta (San Cristovo de Cea). Curso 2013/2014

### 1.- CONTEXTO SOCIOECONÓMICO

O Centro Público Integrado Virxe dá Saleta é un centro rural moi pequeno, que conta con tan só 161 alumnos entre infantil, primaria, secundaria e PCPI. Sitúase na provincia de Ourense, concello de San Cristovo de Cea, que presenta uns 2500 habitantes. A poboación está moi dispersa, dedícase ao sector primario e o seu nivel económico é medio-baixo. Apenas hai alumnado inmigrante (aproximadamente un 3%) e este está formado por hispanoamericanos e marroquís. Os alumnos son practicamente monolingües en galego, apenas viaxan máis aló dos límites da súa propia provincia e o seu acceso ás novas tecnoloxías é moi escaso.

A pesar de ser un centro pequeno, este é moi dinámico e realiza numerosas actividades extraescolares, entre os que destacamos o premiado lipdub "A lingua sabe a pan", curtametraxes de stop motion en plastilina ("unha cuestión de educación"), proxectos de Galiciencia...). Así mesmo, o centro dispón dunha sección bilingüe en 2º de educación secundaria e en 4º de educación primaria.

### 2.- XUSTIFICACIÓN E NECESIDADE DO PROXECTO

A idea de traballar nun proxecto como este xorde por mor dun intercambio de experiencias e impresións por parte das profesoras de Lingua castelá e Bioloxía, quen coincide en que os alumnos do centro presentan dúas carencias básicas:

1.- O **descoñecemento de léxico específico** para referirse a realidades concretas (para estes todo redúcese a nomes xenéricos como " árbore", "flor", "paxaro"...).

2.- A dificultade para **traducir** os poucos nomes que coñecen á outra lingua oficial, sobre todo do galego ao castelán, pero tamén á inversa.

Por outra banda, a comunidade galega en xeral, e a comarca na que se sitúa o noso centro educativo en particular, vese seriamente afectada todos os anos polos **incendios forestais** que arrasan miles de hectáreas en Galicia. Por elo, creuse necesario sensibilizar aos mozos do problema e conciencialos da necesidade de cambiar as cousas, alertándoos sobre as trágicas consecuencias para unha zona eminentemente agrícola.

### 3.- OBXECTIVOS XERAIS

- 1.- Coñecer e valorar a riqueza ambiental da comunidade galega.
- 2.- Respetar o medio ambiente e sensibilizar sobre as consecuencias dos incendios forestais.
- 3.- Valorar de forma igualitaria as linguas oficiais da comunidade galega (galego e castelán), fomentando un bilingüismo equilibrado e evitando situacións de diglosia.
- 4.- Mellorar a competencia lingüística dos nosos alumnos en inglés e francés (facendo nosa propia achega á sección bilingüe do centro) e valorar as linguas estranxeiras.
- 6.- Mellorar a compentencia dixital e de tratamento de información dos alumnos, ao seleccionar os datos que proporciona internet e presentalos en soporte informático.

#### **4.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

- 1.- Buscar información en internet.
- 2.- Utilizar a biblioteca escolar como lugar de investigación e traballo.
- 3.- Discriminar a información relevante da accesoria.
- 4.- Utilizar dicionarios en liña e correctores ortográficos.
- 5.- Buscar imaxes en internet e manipulalas.
- 6.- Utilizar procesadores de texto (sangría, xustificados, negrita, fondos de cor...) e presentacións informáticas (power point)e blogues educativos.
- 7.- Cooperar co compañeiro que presente máis dificultades na competencia dixital.
- 8.- Plantar árbores das diferentes especies estudadas.
- 9.- Identificar in situ as diferentes especies de árbores, nunha saída ao bosque.
- 10.-Coñecer os diferentes nomes que presenta unha mesma especie vexetal en diferentes idiomas.
- 11-. Realizar unha exposición oral ante os compañeiros.
- 12.- Analizar poemas.
- 13.- Analizar cadros.
- 14.- Sensibilizar sobre os incendios forestais.

#### **6.- COMPETENCIAS BÁSICAS TRABALLADAS**

##### 1.- Competencia comunicativa

Contidos: o nome das árbores en latín, galego, castelán, inglés e francés; pautas para unha boa exposición oral.

Obxectivos 3 e 10, así como 11

##### 2.- Competencia dixital

Contidos: os buscadores en liña, os dicionarios en liña, os procesadores de texto, as presentacións dixitais, os blogues educativos, os programas de tratamento de imaxes.

Obxectivos 1,3,4,5 e 6

### 3.- Competencia tratamento da información

Contidos: a idea principal fronte ás secundarias; a xerarquización de ideas; os esquemas.

Obxectivo 3

### 4.- Competencia cultural e artística

Contidos: a poesía: o tema do locus amoenus, a métrica e os recursos estilísticos; a pintura e os seus fundamentos.

Obxectivos 12 e 13

### 5.- Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.

Contidos: as árbores; os bosques; vida dunha árbore; plantamos unha árbore.

Obxectivos 8, 9 e 10

### 6.- Competencia social e cidadá.

Contidos: os incendios forestais: prevención e consecuencias; a sensibilización máis aló das aulas (en casa, na veciñanza...)

Obxectivos 14 e 7

### 7.- Competencia aprender a aprender; autonomía e iniciativa persoal

Contidos: a biblioteca como lugar de investigación e traballo; o traballo en equipo

Obxectivos 2, pero tamén os demais.

## **7.- BREVE DESCRICIÓN DO PROXECTO. DESENVOLVEMENTO E PERIODICIDADE.**

O proxecto articúlase en tres fases:

- 1.- Procura e selección de información
- 2.- Presentación en soporte informático
- 3.- Difusión do traballo entre a comunidade escolar

### 7.1.- PRIMEIRA FASE: DOCUMENTACIÓN

1.- En primeiro lugar, os alumnos elixen libremente unha árbore, de entre unha listaxe proposta pola profesora de Bioloxía, preferentemente de especies autóctonas visibles na súa contorna. En total, traballáronse unhas **35 árbores aproximadamente.**

2.- A continuación, os estudantes buscan o nome científico do mesmo, e introdúcense na nomenclatura científica e o latín.

3.- Logo, e con axuda de dicionarios tradicionais e en liña, e sempre co asesoramento e a tutela dos profesores de castelán, galego, inglés e francés, os alumnos traducen eses nomes a cada un destes idiomas.

4.- Posteriormente, os estudantes buscan na web imaxes das diferentes partes da árbore, centrándose preferentemente na folla, flor e froito.

5.- A continuación, servíndose tanto das enciclopedias como libros de botánica da biblioteca, buscan e seleccionan a información máis relevante para describir esa árbore.

5.- Despois, baixo as suxestións das profesoras do ámbito literario, os alumnos buscan en soportes tradicionais e informáticos, un poema tipo oda cuxo tema vire ao redor desa especie.

6.- Para concluír, e co asesoramento do Departamento de Historia, os estudantes buscan unha obra de arte que vire en torno á árbore sobre o que traballan.

## 7. 2.- SEGUNDA FASE: PRESENTACIÓN

1.- Toda esta información vértese en soporte informático. Para iso os alumnos deben

- a) Manexar os procesadores de texto.
- b) Manexar os correctores ortográficos e os dicionarios en liña
- c) Coñecer e manipular fotos e imaxes.
- d) Manexar uns conceptos básicos de maquetación.

## 7. 3.- TERCEIRA FASE: DIFUSIÓN NA COMUNIDADE ESCOLAR

Unha vez vertidos estes datos en soporte informático, os alumnos realizaron as seguintes actividades:

1.- Presentación oral ao resto dos compañeiros e profesores.

2.- Recitado do poema. Presentación dun cadro ou escultura.

2.- Demostración da súa capacidade de recoñecemento da especie nunha saída ao bosque para mostrar que se coñecen as especies autóctonas e a súa diferente nomenclatura.

## **8.- ACTIVIDADES E TAREFAS REALIZADAS**

1.- Explicación de que é o nome científico dunha especie.

2.- Explicación e experimentación cos dicionarios en liña e os correctores ortográficos.

3.- Procura de imaxes en internet e manipulación das mesmas.

4.- Procura de información en soportes tradicionais (enciclopedias, libros de texto...) e informáticos.

5.- Xerarquización de ideas. Esquematización de contidos.

6.- Explicación do manexo dos procesadores de texto (correctores ortográficos, sangrías, xustificación, manipulación dos caracteres...).

7.- Creación dun blogue educativo.

8.- Plantación de árbores (Día mundial da árbore)

9.- Excursión para a identificación de árbores (Día mundial medio ambiente)

10.- Técnicas de expresión oral. Presentación dos traballos.

## **9.- METODOLOXÍA**

Trátase dunha metodoloxía na que o profesor tan só límitase a dar unhas directrices ao alumno, planificando, coordinando e supervisando o proxecto. Os profesores de apoio supervisan e aconsellan en cuestións máis técnicas.

Pola contra, o papel do alumno é completamente activa: el debe ser o suficientemente autónomo como para buscar a información pola súa conta, seleccionar aquela que considere relevante e refugar aquela secundaria . Así mesmo, os alumnos deben axudarse mutuamente, especialmente na competencia informática, onde presentan máis problemas de autonomía.

## **10.- PROFESORADO PARTICIPANTE. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE ESCOLAR**

As profesoras das materias de Bioloxía e Lingua castelá idearon, planificado, coordinado e supervisado o proceso.

O resto de profesores colaboran puntualmente na supervisión e asesoramento nos aspectos lingüísticos e artísticos.

### **Coordinación:**

Concepción Casas González, Departamento de Bioloxía

Ana García Fontes, Departamento de Lingua castelá e Literatura

### **Colaboradores:**

Francisca Manso Fernández, Departamento de \*Lingua \*galega.

Arturo Igrexas Figueiras, Departamento de Lingua inglesa.

Elva Grande Fernández, Departamento de Lingua francesa.

María Teresa López Losada, D\*epart\*amento de Tecnoloxía.

David González Gómez, Departamento de Historia.

## **11.- ALUMNADO PARTICIPANTE**

A execución do proxecto recae enteiramente no alumnado de secundaria. Os alumnos de infantil e primaria tan só participan como axentes avalladores do proceso, isto é: os alumnos de secundaria expoñerán inicialmente os resultados do seu traballo aos seus propios compañeiros de cursos inferiores. Os labores de plantación de árbores ou de excursión son globais de todo o centro, coincidindo coas celebracións pedagóxicas do día mundial da árbore e do día mundial do medio ambiente.

## **12. CALENDARIO**

- 1.-Xaneiro-Marzo : idea e organización do proxecto.
- 2.-Marzo-Maio : iniciación da execución do proxecto con motivo da celebración do día mundial da árbore (21 de marzo). Os alumnos traballan no proxecto unha vez á semana (en clase de Lingua e/ou de Ciencias).
- 3.- Xuño : finalización da execución do proxecto con motivo do día mundial do medio ambiente (5 de xuño). Exposición dos resultados.
- 4.- Setembro : excursión a un bosque e identificación in situ das especies traballadas.

## **13.- DIFICULTADES**

En liñas xerais, tanto as profesoras como os alumnos mostraron a súa satisfacción ante a boa marcha do proxecto. Os alumnos mostraron curiosidade, especialmente pola tradución a outras linguas (sobre todo ao castelán) das especies arbóreas que os rodean.

A maior dificultade coa que nos atopamos é, sen dúbida, a baixa competencia no tratamento da información e competencia dixital dos alumnos. A primeira sospeitábamola, pois miúdo os alumnos presentan problemas para discriminar a información principal da accesoria; pero, ademais, e contra o que criamos, estes mostraron pouca habilidade no tratamento de textos ou manipulación de imaxes.

## **14.- DIFUSIÓN ENTRE A COMUNIDADE ESCOLAR**

Na elaboración do proxecto participa activamente o alumnado de secundaria. Unha vez terminado, levan a cabo dúas accións:

- a) Impresión dos traballos e confección dun pequeno libro de botánica, que está a disposición de todo o alumnado e profesorado.
- b) Publicación na páxina web do centro dos traballos.

## **15.- AVALIACIÓN DO TRABALLO**

A avaliación deste traballo parte da observación diaria do profesor do traballo realizado por cada alumno, especialmente da súa capacidade para desenvolverse só ou de axudar aos compañeiros unha vez que se lle deron as instrucións e as ferramentas para facelo.

Desde a materia de Lingua castelá valorarase especialmente:

- a) A competencia lingüística do alumno, que se reflicte na súa capacidade para buscar información, seleccionar a relevante, plasmala por escrito con corrección gramatical e ortográfica.
- b) A competencia lingüística na súa vertente oral, na súa capacidade para transmitir contidos de

forma obxectiva, con orde, claridade e afán didáctico.

b) A competencia dixital, posto que o alumno debe traballar os procesadores de texto, os correctores ortográficos, os dicionarios en liña, etc

Desde a materia de Bioloxía, valorárase especialmente a competencia:

- a) Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.
- b) La competencia dixital
- c) Procura de información en guías de campo.
- d) Sensibilización polo coidado e defensa do Medio Ambiente
- e) Espírito crítico ante os incendios forestais.

## **16.- PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR**

A biblioteca foi o eixo de todo o proceso. A formulación da actividade fíxose na propia biblioteca, e as sesións de Lingua e Ciencias desenvolvéronse nela.

A fase de documentación tivo lugar na biblioteca, que dispón de 7 computadores, así como de fondos documentais do ámbito científico que foron consultados polos alumnos

Na fase de verquer os contidos en soporte informático, servímonos tamén das 2 aulas de informática de que dispón o centro.

Finalmente, a presentación do traballo final realizouse na biblioteca. Esta dispón dun canón e unha zona de butacas para exposicións, na que cada alumno presentou a súa árbore. Por outra banda, os traballos imprimíronse e poden consultarse na biblioteca na sección de “novidades” e na sección de Ciencias.

## **17.- BIBLIOGRAFÍA**

Biblioteca básica de Arte, ed. Anaya

Clásicos da arte, ed. Planeta

Summa Pictórica, ed. Planeta

Historia universal da arte, ed. Planeta

O impresionismo, ed. Taschen

Guía das árbores de Galicia, Henrique Neno Ricoi, ed. Baía , 1997

Guía das árbores de Galicia, Marisa \*Casto e outras, colección Montes e Fontes, ed. Xerais, 2003

O bosque. Como é. Como funciona. Luís Miguel García Bono, ed. Octaedro, 1993

Os eidos. Libros do Courel. Uxío Novoneyra, 1981

Enciclopedia de Flores e plantas, ed. Orbis, 1987

O mundo da Natureza, Grijalbo, 1976

Antología de la Generación del 27, ed. De Antonio A. Gómez Yebra, ed. Bruño  
Cinco poetas españoles, ed. De Francisco Caudet, ed. a Torre, Madrid, 2000  
Once poetas españoles, ed. De Joaquín Benito de Lucas, ed. Bruño, 1993  
Romancero español, ed. De Gala Blasco Aparicio, Bruño, 1992

Cancioneiro Popular Galego, Ramón Cabanillas, Galaxia

Antoloxía poética de Ramón Cabanilolas, ed. Galaxia

Ou libro dous cen poemas, ed. Xosé María Álvarez Cécamo, Espiral Maior

Amor en feminino, Baía edicións

Poesía popular galega, A voz de Galicia

25 anos de poesía galega, 1975-2000, A voz de Galicia